

**CONGRESO SOBRE
PLÁCIDO CASTRO
E O SEU TEMPO**

Actas das xornadas realizadas
pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural
na Coruña, os días 16, 17 e 18 de novembro
en Corcubión, o día 19 de novembro
de 2005

Ánxela Bugallo Rodríguez
Conseleira de Cultura e Deporte

Luis Bará Torres
Director Xeral de Creación e Difusión Cultural

Francisco X. Fernández Naval
Subdirector Xeral de Creación e Difusión Cultural

Deseño da cuberta: Antonio Castro Ferreiro
Revisión do texto: Reverso, S.L.

© Xunta de Galicia
Santiago de Compostela, 2005
ISBN-10: 84-453-4319-X
ISBN-13: 978-84-453-4319-7
Dep. legal: C 2925-2006

Edita: Xunta de Galicia
Imprime: Tórculo Artes Gráficas, S.A.

A achega intelectual de Plácido Castro á cultura mereca desde hai tempo unha análise profunda realizada desde as múltiples perspectivas, das persoas vencelladas á investigación verbo da súa obra ou á traxectoria vital dun home excepcional. Precursor na traxectoria da mellor lírica para o galego, o seu labor de correspondente e colaborador de numerosas publicacións periódicas do ámbito galego-portugués e hispano contribuíu a aproximar o país ás manifestacións sobranceiras do pensamento e da creación británica.

Cunha solidísima formación –adquirida desde os seis anos en Glasgow e Londres, que o levou a exercer no Reino Unido como locutor da BBC, nas áreas española e galego-portuguesa– Plácido Castro afondou no sentido da integración celta da súa terra, a través dos sentimentos instalados no inconsciente colectivo e das manifestacións artísticas ancestrais; así mesmo, estableceu unha nova sensibilidade no xeito de entender a tradución, especialmente no eido da poesía, que o levou a unha identificación íntima coas creadoras e creadores innumerábeis que verteu á lingua de Galicia, alentado por un pracer innato de explorar o poema e a enerxía subxacente na palabra até o converter nunha vivencia de pura delectación interior.

Paga a pena mencionar tamén como, no seu regreso a Galicia, se implicou con entusiasmo na construción dun país que recoñecese a súa propia identidade, ao participar na fundación do Partido Galeguista –no que se integrou no Consello Permanente– ou impulsar a campaña en prol do Estatuto de Autonomía. Posteriormente, no período ominoso da ditadura, o seu inmenso caudal significou un oasis para os rapaces e rapazas que gozaron da súa docencia, como profesor de inglés de Ensino Medio.

Para Galicia, a figura de Plácido Castro, globalmente, significa a transcendencia e o intercambio co exterior dun país que, durante moitos séculos, permaneceu pechado. As correntes iniciadas no século XIX tomaron proxección coa súa entrega xenerosa, na que mestrou sabiamente os elementos dos que dispuxo, procedentes dun medio familiar e dunha educación privilexiados.

ÍNDICE

Presentación	7
RELATORIOS	
Ramón Villares	
A Xeración de Plácido Castro	9
Xulio Ríos	
Plácido Castro e a proxección exterior de Galicia.....	23
Emilio Xosé Insua López	
Antón Villar Ponte e Plácido R. Castro: unha sintonía ideolóxica.....	33
Fernando Pérez-Barreiro Nolla	
Plácido Castro e a política británica e irlandesa do seu tempo.....	77
Alfonso Álvarez Gándara	
O perfil humano de Plácido.....	89
Xosé María Dobarro Paz	
Plácido Castro e os nacionalistas coruñeses.....	95
X. L. Franco Grande	
Identidade e internacionalismo en Plácido Castro: unha tradición nosa e do nacionalismo	107
Luis Álvarez Pousa	
A prensa galega no tempo de Plácido Castro	117
José Villanueva Rey	
Linguaxe e estrutura interna nos artigos de Plácido R. Castro	131

Antonio Rauli de Toro Santos	155
Un galego en Irlanda: a viaxe de Plácido Ramón Castro en 1928	
Pilar Cagiao Vila	165
Plácido Castro e o exilio galego	
David Reiner González	175
Costumismo social no románismo de Plácido Castro	
Francisco Pablos	187
Plácido Castro, el humanista	
Dario Álvarez Gándara	193
Plácido Castro a través dos ollos dun neno	
Valentín Arias	199
Plácido Castro e a tradución ao galego	
Alberto Álvarez Lugris	217
Nación e tradución en Plácido Castro	
Camiño Noia	237
De Christina Rossetti a Rosalía Castro	
María Jesús Lorenzo Modia	255
Significado e valor da tradución de <i>As Rubínjái</i> de Omar Khayyám	
Daniel Landesa Porras	273
A voz poética de Plácido Castro	
José Miguel Alonso Giráldez	295
Unha aventura marabillosa: os programas de Plácido Castro na BBC de Londres	
Mannuel F. Vieites	307
Plácido Castro no teatro galego hoxe: algunhas consideracións arredor do concepto de teatro nacional	
Vicente Araguanas	329
Un tradutor pioneiro	
Olga Castro Vázquez	335
Seguindo a pegada de Plácido Castro: o labor universalizador da literatura galega na actualidade. A súa tradución ao inglés	

Este libro
Congreso sobre Plácido Castro e o seu tempo
 rematouse de imprimir no obradoiro
 gráfico da imprenta Tórculo en Santiago de Compostela,
 o día 28 de novembro de 2006.

como Celso Emilio Ferreiro, nalgún momento Emilio Celanova. Nas súas aparicións na BBC Plácido lle poemas de Ernest Dowson, Yeats ou Christina Rossetti, e chega a dicir desta que "hai nela esa nota de rebelde e tráxico desespero que vibra no verso de Rosalia". Nunha desas sesións Plácido falara "dos vinte e catro poemas traducidos por min do inglés", o que indica que o de Corcubión andou unha e outra vez dándolles voltas aos mesmos versos, proba dunha obra tradutora caíva pero sobranceira, na que rigor e calidade van paralisos. Na BBC Castro fixo tamén crítica literaria falando de libros publicados en Bos Aires pola resistente Editorial Alborada.

En 1949, e este será o legado máis importante, pois colle maneiras de libro, de Plácido R. Castro, Editorial Alborada publica un fito nas traducións á nosa lingua. Trátase de *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*; os tradutores: Plácido R. Castro, Lois Tobío Fernández e F.M. Delgado Gurrarín. Desde logo quen se ocupou da parte inglesa da cuestión foi Plácido, tradutor neste caso de Ernest Dowson, Thomas Hardy, George W. Russell, A. E. Housman, Yeats, William Henry Davies, Walter de la Mare, John Maschfield e Padraic Colum. Nada xunguía estes poetas senon o seu rigor estético e a súa categoría ética. Aspectos ambos o dous compartidos por quen os vertera a este vello idioma noso, tan aldraxado nese ano de 1949.

Nos anos cincuenta Plácido R. Castro vivía en Vigo (en Corruxo, concretamente) pero tamén en Lisboa e Londres. Nesa década colabora no *Faro de Vigo*, con artigos e traducións. Na seguinte, en 1965, daría ao prelo (no *Grial*) a súa versión galega das *Rubáiyát* de Omar Khayyán, a partir da tradución inglesa de Edward Fitzgerald. De novo Plácido, en tempos de polémica entre literatura comprometida e literatura *for sake of art*, o corcubiónés, que nada tiña que demostrar verbo do seu aliñamento, optaba pola cultura espida de apelidos, facendo brillar máis aínda, con tratamento de versos alexandrinos, o limpísimo estro de Omar Khayyán de Naisihápúr, cos que rematamos este traballo reivindicativo dunha figura senlleira, e hamorrada:

¡Desperta! Que a Mañán xa lanzou a súa Pedra
na cunca desta Noite escorrenha as Estrelas:
e o cazador do Leste, no seu lazo de Luz,
á Torre do Sultán ten feito Prisioneira.

XX

Énche-me, Amor, a Copa que Jimpe o Día de Hoxe
De remorsos pasados e vindellos temores.
¿Mañán? ¿E quen me di que entón non vou toparme,
eu tamén, cos pasados Sete Mil Anos de Onte?

SEGUNDO A PEGADA DE PLÁCIDO CASTRO: O LABOR UNIVERSALIZADOR DA LITERATURA GALEGA NA ACTUALIDADE. A SÚA TRADUCCIÓN AO INGLÉS

OLGA CASTRO VÁZQUEZ

Universidade de Vigo

1. Introducción

Malia que o título deste congreso é *Plácido Castro e o seu tempo*, eu proponho viaxar até o noso tempo e analizar cal é a pegada que hoxe pervive entre nós dun símbolo da universalidade galega como foi Plácido Castro, no que ainxé á proxección exterior de Galiza a través da súa literatura; porque resulta innegábel que un extraordinario xeito de proxeccionar a identidade galega no exterior é mediante a tradución da nosa propia literatura.

Daqueela, proponho seguir a pegada de Plácido Castro e reflexionar encol do labor universalizador da literatura galega na actualidade e da súa tradución ao inglés no ámbito anglófono, aínda que centrándome nas illas británicas. E esta focalización nas illas británicas supón de novo unha "coincidencia" máis co decorrer vital de Plácido Castro, que demostrou unha admiración por este país ao que viaxou e no que residiu durante longas tempadas.

Para iso, coído que é necesario, a xeito de introdución, comezar explicando a situación actual da literatura galega no exterior; para logo xa centrarme na presentación do contexto histórico máis recente (1995-2005) da tradución de textos literarios galegos no espazo británico; na análise das condicións de tradución e edición que acompañaron a publicación de cada unha das obras; na reflexión encoi das relacións literarias entre Galiza, unha comunidade sen estado nacional e cuxo sistema literario non goza aínda de plena autonomía (Figueroa, 2001: 130) e o Reino Unido, unha comunidade cun sistema literario forte; e nos retos que nos presenta o futuro.

2. Situación actual da literatura galega no exterior

Antón Figueroa, en *Nación, literatura, identidade* afirma que "non se pode pensar unha literatura sen outras literaturas" porque falar dunha literatura de xeito illado impediría ver realmente cales son as súas dimensións reais e simbólicas: ningún sistema literario pode existir de xeito normalizado sen o coñecemento interno e o recoñecemento externo.

A importancia de ver cal é a situación actual da literatura galega no exterior é que resulta indicativo da situación 'global' en que esa literatura se atopa; e que as relacións entre literaturas permíten manifestar a identidade propia e tamén darlla a coñecer ao mundo, facendo así que exista e se recoñeza de xeito global. Mesmo en ocasións, sobre todo no caso de literaturas como a galega (minorizada), a exportación da literatura propia a outros sistemas literarios fortes fai que aumente a valoración e o coñecemento e recoñecemento interno que da propia literatura se ten no seu propio territorio.

Debemos ter en conta que ao falar en concreto do Reino Unido e de Galiza, cómpre contextualizar as políticas de edición dentro das relacións concretas e específicas que se dan entre a literatura galega (unha literatura sen estado nacional e cunha autonomía do campo literario que aínda está en cuestión) e a literatura do Reino Unido (un sistema forte). Como afirma Figueroa, neste tipo concreto de relacións segúrase o mesmo modelo asimétrico que rexee as relacións políticas que existan entre as comunidades ás que pertencen cada un dos sistemas literarios.

En definitiva, e recorrendo ás cifras, en Galiza expróptase pouca literatura, e desá, unha parte pequena vai ao Reino Unido. E no Reino Unido impórtase tan só o 2% da literatura, da que a galega representa unha ínfima parte.

2.1. Traxectoria da tradución literaria galega no espazo anglófono

Malia que esta comunicación se centra na literatura galega en inglés publicada en Gran Bretaña, coído que resulta esclarecedor dar unha pincelada da situación da nosa literatura en todo o ámbito anglófono, emarcándoa nunha perspectiva cronolóxica, para o que poden botarlle unha ollada ao anexo. Nel poden ver cal é, por orde cronolóxica, a traxectoria da tradución literaria galega nos Estados Unidos; en Irlanda; en Canadá; en Australia e nas illas británicas.

Na actualidade, dentro do espazo anglófono, o Reino Unido é sen dúbida o lugar máis dinámico e con máis proxectos de tradución de literatura galega levados a cabo. E á hora de facer un repaso da historia da tradución literaria galego-inglés cómpre remontarse a comezos do século pasado, pois foi no ano 1909 cando Annette Meaking editou en Londres o libro *Galicia, the Switzerland of Spain*, no que se recollen poemas de Rosalía de Castro. Esta iniciativa foi seguida no ano 1922 polo libro *Spanish Galicia*, cunha selección de poemas (de Pero Meogo, Martín Codax, Aíras Nunes, Gómez Charriño, Ponal ou Rosalía) traducidos por Aubrey F. G. Bell. En 1951, Gerald Brennan editou e traduciu *The literature of the Spanish People*, e neste libro de poesía castelá recóllense tamén versos de *Cantanas de Bastabales* de Rosalía de Castro. En 1961, José Antonio Balbouth editou en Alvin Redman de Londres o volume *Three Spanish Poets: Rosalía de Castro, Federico Garcia Lorca and Antonio Machado*. A compañía aérea Iberia encargoulle a Sheila Ingrisano en 1989 a tradución da obra de Álvaro Cunqueiro *Xente de aquí e acolá (People from Here and Beyond)*. Todo isto, ademais de publicacións en revistas.

E así chegamos a 1995, ano en que comeza este percorrido máis exhaustivo polas obras da literatura galega traducidas ao inglés e publicadas no Reino Unido, país onde radican dous dos centros de estudos galegos máis dinámicos do mundo anglófono: o Oxford Centre for Galician Studies, dirixido por John Rutherford e o Centre for Galician Studies of Birmingham, cuxo director é Derek Fitter.

Ademais, cómpre sinalar a futura creación do Welsh Centre for Galician Studies, na cidade galega de Bangor e máis do Scottish Centre for Galician Studies, en Stirling (Escocia).

3. Descripción e reflexión encol das obras obxecto de análise

Despois desta contextualización do panorama das traducións de obras literarias galegas ao inglés, cómpre centrar a análise nas obras traducidas no Reino Unido nos últimos dez anos (1995-2005)¹.

Nesta exposición dividirei a literatura traducida en cinco grupos: 1) poesía galega, 2) narrativa 'española', 3) revistas, 4) libros publicados pola editorial periférica galega Planet Books e 5) libros publicados pola editorial londiniense Harvill Press, hoxe parte do gran grupo editorial Random House.

3.1. Poesía galega

3.1.1. *Galician-Portuguese Troubadour Poems in Galician-Portuguese and English*

As cantigas medievais en galego-portugués interesáronlle ao tradutor e especialista neste tipo de literatura Richard Zenith, que en 1995 editou e traduciu (facendo unha edición bilingüe) este libro recompilatorio. A iniciativa de facer este libro xurdiu de Richard Zenith, un estudoso da literatura medieval e dos cancioneros, e tamén un especialista en tradución do portugués ao inglés, motivo polo que xa antes da publicación deste libro tiña relacións coa editorial para publicar traducións dentro da colección *Aspects of Portugal*. No que atinxe á tiraxe, na actualidade o libro está descatálogo, pois venderonse todos os exemplares ou ben na librería virtual Amazon e no propio web de Carcanet ou ben en librarías especializadas, ás que se distribuíu a través do Littlehampton Book Services.

3.1.2. *To visit me the Sea. Galician Poetry 1930-1996*

Jack Hill, investigador e profesor de literatura no departamento de Hispanic Studies na Universidade de Essex, foi o editor e tradutor desta recompilación de poesía galega de entre 1930 e 1996. O libro editouse na Essex University Hamlet Press, en Colchester.

¹ Aínda que tamén me gustaría mencionar que hai traducións que están sen publicar, entre as que se atopan *Scarce or Friend*, tradución de Linda Lockart do *Espannalo Amigo* de Neira Viles, e as traducións de Jonathan Dunne de *Dos arquivos do tronso* de Rafael Diezite, *Retirados de Castelão* e *Cousas*, do mesmo autor.

Dentro do recompilatorio destacan algúns poemas de Xosé María Álvarez Caccamo e do poeta Salvador García Bodaño.

3.2. Narrativa "española"

3.2.1. *Merlin and Company*

Merlin and Company publicouse o 3 de xuño de 1996 na editorial Everyman de Londres, nunha edición de 240 páxinas e con tapa rústica. Segundo explica Kate Shearman, directora editorial de Orion Books (grupo ao que na actualidade pertence Everyman), en 1996 a empresa tiña un programa máis activo para publicar traducións de obras de ficción relativamente descoñecidas para a audiencia. En palabras de Shearman, "tradúronse do español ao inglés varios libros considerados como clásicos ou interesantes por mor do seu tema. Neste caso en particular, Merlin é unha tenda exótica"².




Por este motivo, a editora responsábel desta colección naquel momento, Melveena McKendrick, buscou libros en castelán para traducirlos ao inglés que estivesen considerados como clásicos, e atopou na tenda de Merlin exactamente o que buscaba. Así, considerában a Álvaro Cunqueiro un brillante escritor español, como demostra que na páxina web de Orion Books afirman que "a derradeira tenda de Merlin fica como un megallo que lle rende tributo á mestría dun dos autores españois máis importantes do seu tempo". Unha vez que se decidiu traducir a obra e que se compraron os dereitos de tradución, encargáronlle o traballo a Colin Smith, que tomou como texto orixinal a tradución ao castelán *Merlin y familia* para obter o seu libro en inglés. Trala incorporación de Everyman ao grupo Orion Books, dende a editorial aseguran que "xa non publicamos neste ámbito, pois é demasiado específico para unha editorial máis xeral".

² Todas as traducións ao galego son miñas. As declaracións en galego de John Rutherford, Rosa Rutherford e Craig Patterson foron orixinalmente en galego. De aquí en diante, de non indicar a fonte de referencia trátase dunha comunicación persoal da autora ou autor citados.

3.3. Revistas

3.3.1. *Donaire*

Na revista da embaixada española *Donaire* publicáronse varias traducións de fragmentos literarios galegos, de temática e xéneros diversos.




En 1997, Richard Zenith traduciu "Song about Provençal Poets" do tradador galego-portugués Denis, rei de Portugal, e nese mesmo volume o Translation Workshop do Centre for Galician Studies de Oxford publicou o poema "Navy Bar" da obra poética de Manuel Antonio *De catro a catro*. Un ano máis tarde, Tony Escasany (especialista en literatura brasileira) traduciu o fragmento de Casares "I'm going to be blind" ["'Vou quedar cego"], de *Yemó Ferido*. Con todo, a publicación ten un público restrinxido pois, como se afirma na páxina:

Donaire va dirigida preferentemente a hispanistas y profesorado de español del Reino Unido e Irlanda. Difunde estudos sobre a ensinanza del español, literatura y cultura del ámbito hispánico en general (...) publica entrevistas con personas del ámbito hispánico y da a conocer la política de las lenguas en estos.

3.3.2. *Galician Review*

Nesta publicación anual que sacaban conxuntamente os centros de Oxford e Birmingham publicouse no ano 2000 a tradución do poema de Claudio Rodríguez Fer "Beyond and Other Poems" ["'Máis alá e outros poemas"]. As/os tradutoras/es foron Diana Conchado, Kathleen March, Julian Palley e Jonathan Dunne.



3.4. Planet Books

3.4.1. *Them and Other Stories*

A publicación desta escolma de relatos de Xosé Luis Méndez Ferrín, agrupados baixo o título de *Them and Other Stories*, foi froito da converxencia de varios factores. Por unha banda, no obradoiro de tradución (Translation Workshop) do Oxford Centre for

Galician Studies, baixo a dirección de John Rutherford, estaban a traballar na tradución de diversos textos galegos. Pola outra, en 1992 a empresa de publicación galesa Planet Magazine abriu unha subvención da UE para producir unha edición especial europea dedicada á poesía e ficción de Brezaña, Dinamarca e Galiza.



A converxencia entre ámbolos dous factores produciuse cando John Barnie, editor de Planet, se puxo en contacto con Rutherford para pedirlle que fixessen as traducións no obradoiro de Oxford, e así aconteceu. Uns anos despois, o grupo de publicacións Planet Magazine decidiu dedicarse, ademais de a publicar a súa revista, á edición de libros. John Barnie lembrou canto lle gustara a tradución de "Them" ["'Eles"] e pediu lle ao equipo de John Rutherford (formado por Xelis de Toro e Benigno Fernández Salgado, entre outras persoas) que traducisen máis contos de Méndez Ferrín para así poder publicalos todos xuntos nun libro. De todo ese labor e traballo xurdiu *Them and Other Stories*, que viu a luz en outubro de 1996 nunha edición de tapa rústica e 271 páxinas, e para o que Planet Books recibiu unha subvención da Xunta de Galicia. No libro inclúense os contos "Phliocetes" ["'Phliocetes"], "The Gate" ["'A cancela"] e "Grieh" ["'Grieh"] da obra *Percival e outras historias* (1958); "Men and the night" ["'Os homes e a noite"] de *O crepúsculo e as formigas* (1961); *Return to Tegen Ala* (1971); "Labyrinth" ["'Labirinto"] e "Parisian 4" de *Elipsis e outras sombras* (1974); "Coffee Liqueur" ["'Licor-café"] e "Sibila" ["'Sibila"] de *Crónica de nós* (1980); "Cold Hortensia" ["'Fría Hortensia"], "Arthur's Love" ["'Amor de Artur"] e "A family of Surveyors" ["'Familia de agrimensores"] de *Amor de Artur* (1982); e de *Arraianos* (1991) seleccionáronse os contos "Them" ["'Eles"], "The old House of Arranhão" ["'Quinta Velha de Arranhão"], "The Monk of Diabelle" ["'O exclaustro de Diabelle"], "Elastic Boots" ["'Botas de elástico"], "Lobosandus" ["'Lobosandus"] e "The Castle on the Moors" ["'O castelo das poulas"].

3.4.2. *Things*


Tres anos despois da publicación de *Them and Other Stories*, John Rutherford dirixiuse de novo a Planet Books para presentarlle o proxecto de tradución de *Conzas*, de Castelão, iniciativa que xurdiu do tradutor Craig Patterson despois de botar un ano en Galiza. A resposta do editor non se fixo agardar e aceptou o proxecto de facer *Things*, para o que contou tamén cunha subvención da Xunta de Galicia. De



Cousas sañu Things (grazas ao labor de Craig Patterson, Kirsty Hooper, Isabel Mancebo Portela e Manuel Puga Moruxa) en febreiro de 2001, con encadernación rústica e de 97 páxinas.

3.4.3. *Wounded Wind*

A obra *Vento Ferido* de Casares tamén pode ser lida en inglés [*Wounded Wind*], despois de que en maio de 2004 a editorial Planet Books a publicase nunha edición con encadernación rústica de 79 páxinas. Neste caso, a idea de traducir a obra de Casares xurdiu da tradutora, Rosa Rutherford, que despois de estudar Modern Languages na Universidade de Exeter marchou a Vigo para cursar a licenciatura de Tradución e Interpretación. Como proxecto de fin de carreira decidiu traducir *Vento Ferido*, e unha vez rematado o traballo académico púxose en contacto coa editorial Planet Books a través do seu pai John. A pesar de que a editorial galesa non contou con ningunha subvención para publicar esta obra, John Barmie decidiu aceptar o reto que lle propuñan, pois segundo comenta, “despois de publicarmos *Them* e *Things* decatámonos de que tínhamos, case por casualidade, os comezos dunha serie de clásicos galegos modernos, e a obra semellaba encaixar moi ben nesta serie”.



3.4.4. *As políticas de edición de Planet Books*

Recapitulando a información exposta, en canto á **toma de iniciativas** cómpre lembrar que en 1992 o grupo de edicións Planet Magazine recibiu unha subvención para publicar un número especial da súa revista con fragmentos das literaturas minoritarias de Bretaña, Dinamarca e Galiza despois de que o seu director John Barmie tivera a iniciativa de pedir esa subvención da Unión Europea para difundir literaturas minoritarias. Tráxese, pois, dun compromiso cultural. De novo este editor de Aberystwyth (no leste de Gales) tomou a iniciativa de publicar e editar unha obra da literatura galega en inglés (neste caso *Them and Other Stories*) con motivo da expansión do seu grupo de edicións, que pasou de só publicar a súa revista *Planet Magazine* a editar tamén libros. No entanto, non foron motivos económicos os que levaron a Barmie a encargarse a tradución, senón que:

decidimos publicalo porque queríamos que os libros de Planet reflictesen o abano internacional de intereses da nosa revista, e porque eu considero que os pequenos países coma Gales poden aprender da literatura e cultura doutras nacións pequenas dun xeito en que non poden aprender doutras nacións máis grandes e prominentes (...).

Fixémoslo por compromiso cultural e porque cañ na conta do marabilloso escritor que é Ferrín. Estaba claro dende o comezo, por moitas razóns, que o libro non sería moi rentabel dende un punto de vista comercial.

Logo de sacar esta obra, John Barmie deu lle a entender a John Rutherford a súa disposición para seguir publicando obras de autores e autoras galegas ao dicirlle que “decidimos publicar máis libros de autores e autoras galegas porque sentíamos que estábamos perante unha tradición literaria apaixonante da que case ningún en Gales tiña coñecemento”. O editor deixou as portas abertas para que así/os tradutoras/es tomasen a iniciativa en vindeiras ocasións. E así foi. Craig Patterson propúxolle ao Translation Workshop de Oxford, do que formaba parte, traducir *Cousas* para “facer dispoñibel en inglés esa obra clásica galega, que en moitos sentidos representa a identidade galega”.

Máis tarde, Rosa Rutherford, despois de traducir o *Vento Ferido* de Casares con obxectivos académicos, contactou con Barmie.

Polo que ainxé ás tiraxes, as de Planet Books son moi modestas. Primeiro, porque esta editorial pequena e periférica pública libros galegos por pertenceren a un sistema literario minoritario, isto é, por compromiso cultural. E segundo, porque malia ter unha moi boa distribución en Gales a través do Welsh Books Council, fóra de Gales dispoñ dunha distribución moi limitada, reducida á librería virtual www.amazon.co.uk e ás vendas que poidan facerse a través do propio web da editorial. Como di o seu director:

as traducións dende linguas minoritarias que actualmente non están de moda son moi difíciles de promover e vender, e por suposto que aínda é o dobre de difícil para unha editora pequena con sede en Gales, pois sufrimos un dobre prexuízo por sermos galeses e, en consecuencia, por estar na periferia da escena cultural dominada por Londres.

Conscientes da limitación de facelle chegar os seus libros a unha audiencia máis ampla, John Barmie intentou que algunhas editoriais londinienses se interesasen por publicar *Them and Other Stories*, sobre todo en vista da candidatura de Ferrín ao premio Nobel. A maior parte desas editoriais nin se molestaron en contestar. Explicao Barmie:

intentámos convencer a unha das editoriais máis grandes de Londres para que retomase a nosa edición de Ferrín porque el merece ter unha audiencia moito máis numerosa da que nós lle podemos fornecer, pero non demostraron ter nin o máis mínimo interese.

Así, de *Them* publicáronse 500 exemplares, e até decembro de 2005 vendéronse 278, publicáronse de *Things* 350 libros, vendéndose 205 até esa mesma data; e de *Wounded*

Wind tamén houbo 350 exemplares, dos que se venderon 82 nos catro primeiros meses (de xullo a outubro de 2004).

A publicidade tamén inflúe poderosamente sobre a recepción dunha obra. Ningun dos libros ou publicacións obxecto de análise foi promovido en feiras de libros, constituindo o maior labor de promoción as propias páxinas web das editoriais. Con todo, os libros galegos editados por Planet Books son publicitados de xeito continuo e con anuncios grandes na revista *Planet Magazine*, da mesma editorial. No que atinxe á valoración en prensa, destaca que se recibiron moi ben en Gales, aínda que en Inglaterra (e probablemente no resto do Reino Unido) pasaron totalmente desapercibidos, como comenta Barnie: "Os libros tiveron unhas críticas moi favorábeis na prensa literaria galesa, malia que foron completamente ignorados en Inglaterra".

Mostra disto é por exemplo a crítica de Katie Gramich, da revista especializada *Books in Wales*: "if you are reluctant to read works in translation, buy this book and have your eyes opened (...) This is the best collection of short stories I have read for a very long time"³. Patterson lamenta que esas boas críticas se limitasen a Gales, e cita a John Rutherford: "The reviews were all positive, but appeared in the Welsh national press (...) Copies were as a matter of course sent to the English press, that is to say, the London press. The London press remained silent" (Patterson, 2005:5)⁴.

3.5. Harvill Press (Random House)

No ano 2000 Harvill Press era unha editorial independente con central en Londres, que destacaba por ser unha das que, no Reino Unido, máis traducións ao inglés publicaban de obras doutras literaturas, como pon de manifesto o seu editor para literatura española e francesa, Euan Cameron: "Harvill ten unha longa tradición de importar literatura estranxeira de calidade, e é eloxiada por iso, en particular o seu fundador, Christopher MacLehouse". Neste contexto, Cameron oiu falar dun tal Manuel Rivas e decidiu que quería comprar os dereitos de tradución ao inglés d'*O lapis do carpinteiro*. En palabras de Cameron, "foron a esposa de José Saramago [Pilar del Rio] e o editor español Juan Cruz

³ "Se es remiso/a a ler obras traducidas, merca este libro e mantén os teus ollos ben abertos (...) Esta é a mellor colección de historias curtas que lín en ben tempo".

⁴ "As críticas foron todas positivas, pero apareceron tan só na prensa nacional galesa (...) Por suposto que se lle enviaron copias á prensa inglesa, é dicir, á de Londres. Pero a prensa londinense ficou calada".

quen me falaron dos libros tan extraordinarios de Rivas. Lín *El lapis del carpintero*, e decidín que quería traducilo ao inglés"⁵.

O azar quixo que, precisamente nesa época, o tradutor independente Jonathan Dunne (que vivira tres anos en Galiza) se⁶ puxese en contacto con Harvill para falar da posibilidade de publicar uns libros que el traducira, en concreto *Dos arquivos do tramo* de Rafael Dieste, *Retrincos* de Castela, e *Conzas*, do mesmo autor, no que tamén traballaban daquela en Oxford. O caso é que Harvill precisaba de alguén que traducise dende o galego, e alí estaba Dunne: así que asinaron o contrato para traducir o que sería *The Carpenter's Pencil*.

3.5.1. *Butterfly's Tongue*



Cando xa estaba traballando Jonathan Dunne na tradución d'*O lapis*, o filme *A lingua das bolboretas* de José Luis Cuerta estaba a piques de se estrear nos cinemas do RU. Nunha manobra hábil, a editorial fíxose cos dereitos de tradución de *¿Que me queres, amor?* co obxectivo de publicar rapidamente os tres relatos de Rivas que o director de cinema utilizou para o guiñón do filme: "A lingua das bolboretas", "Camiña" e "Un saxo na néboa". O obxectivo era sacar proveito da peloula, unha oportunidade magnífica de conseguir publicidade para Rivas antes de que saise o seguinte libro. O factor tempo era fundamental: o editor de Harvill púxose en contacto coa tradutora de español a inglés Margaret Jull Costa, que xa traducira o relato "La lengua de las mariposas" para unha revista estadounidense⁶ e Dunne traduciu dende o galego ao inglés os outros dous contos. Coa tradución dos tres relatos fíxose o libro de tapa rústica de 60 páxinas *Butterfly's Tongue*, que saíu en xullo 2000.

⁵ Cursiva minea.

⁶ Así, a tradución de Margaret Jull Costa e a de Colin Smith de *Merrin and Company* convértese nas únicas obxecto de análise que se fan dende a versión en castelán da obra orixinal. Trátase esta dunha práctica bastante frecuente no pasado, como demostra o feito de que se adoitase traducir a Rosalía de Castro dende o castelán para editar libros recompilatorios de Spanish Poetry.


3.5.2. *The Carpenter's Pencil*

Cando saíu *Butterfly's Tongue* Jonathan Dunne seguía a traballar na tradución de *O lapis do carpinteiro*. A primeira edición do libro saíu á venda en xaneiro de 2001 e era de tapa dura. O 10 de xaneiro de 2002 saíu unha segunda edición da obra en cuberta rústica. En 2003 a editorial Harvill pasou por graves problemas financeiros, e finalmente mercouna o grupo editorial Random House. Este grupo ten un "selo editorial" (*imprimi*) para edicións en encadernación rústica, que é Vintage. E entón, dende a fusión de Harvill e Random House, todas as obras que publica a primeira son editadas tamén por Vintage arredor dun ano despois. Así pois, en xaneiro de 2003 *The Carpenter's Pencil* saíu por terceira vez no Reino Unido da man de Vintage, nunha nova edición de tapa rústica.



3.5.3. *Vermeer's Milkmaid and Other Stories*

¿*Que me queres, amor?* é o título dun libro de Manuel Rivas, e tamén o título, dun dos moitos relatos curtos que o conforman. Na tradución ao inglés escolleuse o título doutro relato para darlle nome ao libro, e ese relato foi o de "A leiteira de Vermeer". Así, *Vermeer's Milkmaid and Other Stories* converteuse en xaneiro de 2002 na tradución inglesa do ¿*Que me queres, amor?* galego, nunha edición de tapa rústica. De novo, foi a editorial Harvill (que aínda era independente) por medio do editor Cameron quen decidiu facer a tradución, movida polo bo índice de vendas de *Butterfly's Tongue* e sabendo que os tres relatos da aclamada obra estaban incluídos neste título, que deste xeito se converterían en ganchos asegurar unha saída comercial razoábel. Un ano despois, Vintage publicou *Vermeer's Milkmaid*, en tapa rústica.



3.5.4. *In the Wilderness*

En xaneiro de 2003 Harvill publicou *In the Wilderness*, a tradución en inglés da novela de Manuel Rivas. *En salvaxe compañía*. De novo o proceso de edición foi o mesmo que se seguiu para a publicación dos outros libros do conués.

Un ano máis tarde, en xaneiro de 2004, Vintage sacou unha segunda edición da obra, tamén en tapa rústica.



Afirma Cameron que Harvill recibiu subvencións do goberno do Estado español (e non da Xunta) para a publicación de todas estas obras, agás *Butterfly's Tongue* porque o xestionaron moi precipitadamente e sen tempo para solicitar estas subvencións.

3.5.5. *As políticas de edición de Harvill Press*

Harvill era no ano 2000 unha editorial independente cunha tradición ás costas de importar literatura estranxeira de calidade, conecida ou non, con proxeccións de vendas relativamente razoábeis. Mais dende que, en 2003, Harvill foi absorbida polo grupo Random House, as restricións ou limitacións comerciais son cada vez máis e máis importantes, o que non é moi prometedo de cara ao futuro das traducións ao inglés de obras galegas. No tocante á relación entre a editorial Harvill coa literatura galega, esta xurdiu de man do editor Euan Cameron, que foi quen lle mercou ao axente de Manuel Rivas (Oficina del libro) os dereitos de tradución ao inglés para todo o espazo anglofónico d' *O lapis*, seguindo a política editorial de Harvill de importar literatura estranxeira de calidade.

Os boísimos índices de venda do primeiro libro (*A lingua das bolboretas*, esgotouse a edición) e máis do segundo (*O lapis*), e o feito de ter xa comprados os dereitos de tradución, fixo que Harvill se decidise a traducir o libro ¿*Que me queres amor?* ao completo. No entanto, dende a editorial londiniense non están interesados na literatura galega como literatura con identidade propia, senón en autores/as bos/as e creativos/as, pertencen á literatura que pertencen e escriban na lingua que escriban. En definitiva, Harvill edita libros galegos seguindo un criterio máis comercial ca Planet, traducindo autores/as que producen boa literatura e que "venden" independentemente do sistema literario ao que pertencen. Respecto ás tiraxes, a editorial Harvill traduce autores pola súa calidade literaria e, dalgun xeito, tamén con fins comerciais, malia afirmaren no seu departamento comercial que as vendas de literatura galega existentes nos seus catálogos non son brillantes. O medio de distribución é, en primeiro lugar, a rede de librarías británicas, en especial a través da cadea Waterstone's. Ademais, os libros están dispoñíbeis na Internet, tanto mediante o web de Harvill ou Random House como mediante a librería virtual Amazon.

Por orde cronolóxica, en abril de 2004, de *Butterfly's Tongue* editáronse 2000 exemplares, dos que se venderon 1870; de *The Carpenter's Pencil* editáronse 3000 libros en tapa dura (*hardcover*), dos que se venderon 2.178, e outros 3.000 en encadernación rústica (*paperbacks*), dos que se venderon até o de agora 2.591; do libro *Vermeer's Milkmaid and Other Stories* fíxose unha tiraxe de 2.500 volumes, e venderóense uns 1.200;

e por último, editáronse 1.500 exemplares de *In the Wilderness*, dos que se venderon 1.000.

Cómpre dedicarlle unhas liñas a falar da promoción que se fixo dos libros de Harvill porque é de destacar que o libro de Rivas *The Carpenter's Pencil* foi escollido como lectura mensual recomendada pola cadea de librerías Waterstone's, polo que se expuxo nos andeis máis visibéis da librería e formou parte de promocións do comercio. Ademais, o libro incluíuse na listaxe do premio literario internacional IMPAC, e a partir de entón, os sucesivos libros de Rivas que se traduciron levarían a etiqueta: «do autor d'*O lapis do Carpinteiro*». As recensións en prensa son tamén parte esencial do conxunto que fai que unha lectora ou lector potencial finalmente se lance á lectura dun libro. E respecto dos libros publicados por Harvill "as recensións de *The Carpenter's Pencil* foron moi eloxiosas. Ceo (di Dunne) que o que verdadeiramente lles gustou aos/as críticos/as foi ver unha obra que estivese traducida directamente dende o galego".

Sobre *Vernier's Milkmaid and Other Stories*, díxose en *Le Monde* que Rivas era "an author who knows how to introduce poetry not just into his sentences but into his way of looking at the world"⁷ e o crítico John Berger comentou do autor coruñés que "he is an important story teller because he is sensitive and has an incredible ear, which, in his fiction, is allied to great integrity"⁸.

3.6. Planet vs. Harvill

Sometendo a análise o labor destas dúas últimas editoriais (Planet e Harvill) por seren as que máis volumes editaron de obras galegas traducidas ao inglés, é posible establecer varios paralelismos e diferenzas. Mentres que John Barrie, de Planet, publica literatura galega en xeral polo seu compromiso cultural coas literaturas minoritarias, Euan Cameron, de Harvill, publica obras do escritor galego que, de acordo con criterios de calidade literaria e comerciais, poden "vender" relativamente ben.

O papel dos tradutores e tradutoras destas dúas editoriais é ben diferente, tamén. Por unha banda, Craig Patterson asegura que "a miña actividade como tradutor alicérase no meu compromiso co galeguismo, e tradizo para contribuir ao proceso de recuperación e difusión internacional da lingua galega" (Patterson, 2005:1). De xeito semellante, John

⁷ "Un autor que sabe como introducir a poesía non só nas súas frases, senon no seu xeito de ollar o mundo".

⁸ "É un narrador importante, pois é sensible e ten un inchebel ouvido, o cal, en ficción, vai unido a unha integridade magnífica".

Rutherford afirma que se traduce literatura galega é por "sentime, a pesar do meu pasaporte, galego, e por estar convencido de que é necesario conservar a nosa identidade como pobo". Pola outra banda está o labor, importante, do tradutor independente Jonathan Dunne, que considera que é fundamental traducir o que as editoriais estean dispostas a traducir e o que o público estea disposto a ler, sexa no idioma que sexa, e continúa afirmando que o realmente importante para que se traduza unha obra é o/a autor/a máis que a lingua na que este ou esta escriba. Di Dunne que:

Random House pídemme que traduza autores ou autoras, non linguas, culturas nin literaturas (...) Eu non traballo para Galiza nin para a lingua galega, mala que apoio o uso do galego e a defensa da identidade galega. Traballo para traducir bos libros escritos por bos/as autores/as.

Respecto ás tiraxes, comparando de novo máis polo miúdo a estas dúas editoriais (Planet Books e Random House), ámbalas dúas venden os libros a través de www.amazon.co.uk e a través dos seus webs. A diferenza fundamental entre elas radica en que Planet Books distribúe moi ben os seus libros nas librerías de Gales, a través do Welsh Books Council, pero apenas ten distribución fóra do territorio; mentres que Harvill e Vintage teñen a vantaxe de distribuír os seus exemplares nas grandes cadeas de librerías británicas como British Bookshops ou Waterstone's, que acaban sendo as que determinan os hábitos de lectura do público anglófono.

Finalmente, Planet recibiu subvencións da Xunta para *Things e Them*; e Harvill recibunas do goberno do Estado español para todas as obras agás *Butterfly's Tongue*.

3.7. Recepción das obras

É evidente que as políticas de edición dos diferentes grupos editoriais inflúen sobre a recepción das obras galegas por parte do público británico, como tamén inflúe o número de exemplares que se edita, a imaxe social da editorial e da posición que ocupe no sistema literario (se é central ou periférica, etc.), e tamén os estereotipos que sobre a cultura da obra orixinal se teñan ou o papel da prensa e da crítica.

Ademais diso, a recepción e percepción haina que contextualizar dentro dun mercado case inexistente de traducións no que as obras traducidas representan un 2% do total. Logo, os libros galegos teñen que buscar o xeito de facerse un oco nesa infima porcentaxe, co que o máis lóxico é pensar que só os libros galegos máis vendidos e exitosos de Galiza poidan entrar nel. Considera Patterson, que opina que "con tanta

literatura en lingua inglesa, un libro estranxeiro ten que ser algo orixinal, especial, insólito" (Patterson, 2005:5) e definde que:

as grandes editoriais buscan os máximos beneficios coas traducións escollidas (...) e configuran a mercadotecnia dun certo libro segundo os gustos do mercado establecido e das posibilidades de vender máis, sen ariscárense a crear novos escenarios comerciais, nos que si habería maiores posibilidades de transmisión cultural e dunha representación máis fiel da identidade cultural orixinaria (Patterson, 2005: 6).

No que atinxe á acollida das obras obxecto de análise por parte do público británico, sostén Barrie que "o pobo británico é moi resistente á literatura traducida, que resulta moi difícil de promover e de vender", e John Rutherford, que é rotundo: "O público inglés non quere saber nada de culturas que non coñece". Xustamente o contrario argumenta o tradutor de Rivas, Jonathan Dunne:

Creo que o público británico é moi receptivo á creatividade doutros/as. Tan só noel receptividade nese aspecto. Para min, é un malentendido típico dicir que os británicos son pechados.

Na miña opinión, a recepción das obras galegas non é tan boa, para empezar porque o sistema literario británico é forte e non ve necesaria a importación literaria como forma de innovación, sendo como un estorbo que lle está quitando o siño a un libro do propio sistema británico. Coido que hai moitas persoas que non ven necesario ter curiosidade por unha literatura aldea ao mundo editorial multinacional en inglés, no que "a media dúcia de líderes editoriais e cadecas de librarías globalizadas controlan as prácticas lectoras da xente" (Patterson, 2005:9). Debo admitir, con todo, que hai excepcións, case sempre por parte de colectivos moi concretos e sensibilizados coas literaturas minoritarias, como demostra que:

Ferrin's influence can early be seen in the work of younger Celtic writers such as Robn Llywelyn and Twm Morys in Wales, and it is to be hoped that *Planet* (...) will succeed in bringing the work of this outstanding European literary figure to the notice even of the notoriously insular English-language audience (Meic Llewellyn, 2000)⁹.

⁹ "A influencia de Ferrin pódese ver facilmente na obra dos máis novos escritores/celas como Robin Llywelyn e Twm Morys en Gales, e desexo que *Planet* (...) teña éxito en darlle a coñecer a obra desta excepcional figura literaria europea mesmo á máis insular audiencia anglófona".

4. O papel subversivo da tradución: as relacións asimétricas entre o Reino Unido e Galiza

Hai que contextualizar as políticas de edición dentro das relacións concretas e específicas que se dan entre a literatura galega e o sistema literario británico. Isto quere dicir que, malia que a literatura galega traducida a inglés poida non ter un excesivo impacto sobre a audiencia británica (porque o sistema literario británico é forte e non ve necesaria a importación literaria como innovación), si ten un importantísimo impacto simbólico sobre a audiencia galega, que ve como as súas obras adquiren prestixio ao seren traducidas a outros idiomas. Así, a relevancia que para a literatura galega ten a tradución cara a outras literaturas radica en que, tratándose dun campo literario minoritario, a exportación literaria e/ou cultural (de calquera tipo que sexa) contribúe á existencia e reafirmación do propio sistema literario e/ou cultural. Exportamos para dámonos a coñecer e recoñecer no mundo, pero tamén para recoñecernos a nós mesmos/as como literatura propia e soberana, independente.

En definitiva, estamos a ver a relación entre "unha literatura sen estado nacional e unha autonomía do campo literario que aínda está en cuestión" (Figueras, 2001: 130) e a literatura do Reino Unido, un sistema forte. E as actitudes que se adoptan en cada sistema literario para percibir ao outro difiren: decote, o sistema literario minoritario (o galego, neste caso) ten unha actitude de humildade cara ao maioritario, mentres que este último (o británico, en particular) ten máis ben unha actitude de condescendencia e arrogancia (Figueras 2001: 141).

E, xustamente neste punto, a tradución de obras literarias galegas ao inglés pódese converter nunha ferramenta subversiva coa que cambiar a orde establecida de sistema maioritario asoballador do minoritario para así, nun segundo paso, acabar co sentimento de inferioridade que teñen parullo as literaturas minoritarias coma a galega. Pero ademais de cuestionar as relacións de poder entre sistemas maioritarios (británico) e minoritarios (galego) e de facer resoar a voz dos pobos oprimidos, a tradución como ferramenta subversiva contribúe a cuestionar esa gran falacia do pluriculturalismo no que os diferentes sistemas culturais conviven ao mesmo nivel para pór en evidencia que existen literaturas e culturas de primeira e de segunda. Para facer isto visible, a tradución debe producir un impacto na audiencia que apele á súa consciencia, mostrando as especificidades do orixinal e sen "asimilar" o seu contido.

5. Conclusións

5.1. Futuro

Partindo do presuposto de que canta máis proxección exterior se lle dea á literatura galega máis prestixio adquirirá tamén en Galiza, resulta doado chegar á conclusión de que se debe promover a difusión e o coñecemento da nosa literatura noutras linguas e sistemas culturais. E neste punto destacan os proxectos de futuro de Roy Boland en Australia, da filóloga estadounidense Kathleen March, de Erin Moure en Canadá, e doutras/os editoras/es e tradutoras/es que se concentran en Gran Bretaña. Alí, Craig Patterson prepara a tradución do *Sempre en Galiza* de Castelao, e a tradutora Kirsty Hooper, xunto a John Rutherford e Manuel Puga prepara un volume recopilatorio de relatos curtos que se titulará *Contemporary Galician Short Stories*.

Volviendo ao presente, e partindo da coñecida situación actual en canto a traducións de obras literarias galegas publicadas no Reino Unido, non resulta moi difícil lanzar previsións sobre o futuro que lle espera á nosa literatura nas illas británicas. En palabras de John Rutherford, "futuro económico, ningún. Agora futuro estético, maravilloso". Jonathan Dunne, pola súa banda, é lixeiramente máis optimista e afirma que o futuro da tradución de obras galegas ao inglés "depende completamente na calidade dos autores ou autoras. Non se debe caer no erro de avaliar unha lingua por riba dun(ha) autor(a). É o/a autor/a, quen conta, non a lingua na que escriba".

Pola contra, eu considero que non sempre é como asegura Dunne, e a proba está en que, por unha banda, a el non lle publicaron as súas traducións ao inglés de *Dos arquivos de Dieste*, ou *Retrincos* de Castelao. E pola outra, todos os esforzos de John Barnie para que algunha editorial de Londres se interesase por publicar o libro *Them*, de Méndez Ferrín, resultaron baldíos, aínda sabendo que o escritor galego estaba nominado ao Nobel e era (e é) unha das figuras máis representativas da literatura galega na actualidade. Xa que logo, hai casos nos que si existe a calidade dos autores, pero as editoriais semellan non querer "sacarle partido".

Daquela, nas mans de quen está o futuro das traducións de obras galegas ao inglés? A pregunta clave ten varias respostas posibles.

O futuro do sector non semella estar nas mans das editoriais británicas, salvando quizais o caso de Planet (que ten un claro compromiso cultural coas literaturas minoritarias, pero a difusión das súas obras é tamén periférica). E doutra banda, é certo que Harvill está decidida a

seguir publicando obras de Rivas dende que o seu editor Euan Cameron o descubriu, por casualidade, pero faríao igualmente se Rivas fose galego, doutra nacionalidade.

As tradutoras e tradutores si poden desempeñar un papel determinante en mellorar a situación da literatura galega, con iniciativas puntuais e con propostas de traducións a diferentes editoriais (aínda sendo conscientes de que no mercado británico só o 2 por cento dos libros son traducións de obras estranxeiras, e de que é esa estreita porcentaxe onde teñen que buscar un sitio). No entanto, hai unha serie de factores que están a dinamizar calquera iniciativa particular e persoal de tradutoras e tradutores.

Para comezar, está o Research Assessment Exercise (RAE), o organismo encargado de avaliar a actividade investigadora de profesoras/es universitarias no Reino Unido, para o que a tradución non é valorada máis que como "un pasatempo ou compromiso persoal" (Patterson, 2005: 10), en lugar de recoñecerse o esforzo e dedicación que existe esta actividade culturalmente imprescindible. O exemplo é que John Rutherford, tradutor de *El Quijote* e *La Regenta* ao inglés, non recibiu recompensa académica ningunha polo seu traballo. En definitiva, o RAE desanima ao persoal universitario e investigador na área das humanidades e da lingüística a facer novas traducións, porque para este organismo, en termos estritamente avaliativos, traducir equivale a non facer nada.

Outro factor que desanima a tradutores/as a tomar iniciativas é que a tradución literaria non é un traballo economicamente moi ben recompensado, como consecuencia das leis do *copyright* que imperan na actualidade e que restrinxen moito o control que exerce o/a tradutor/a sobre o texto traducido, pois os seus dereitos están supeditados aos do/a autor/a. Así, Jonathan Dunne recibiu soamente un pagamento e sen posibilidade de gañar máis que consonte as vendas por cada obra traducida dende o galego. Así, son as editoriais as que dirixen os proxectos de tradución, e os/as tradutores/as, desanimados/as por tan adversa situación económica, perden o incentivo de investir o seu tempo e habilidades neste tipo de proxectos. En resumo, carencia de recompensa académica e carencia de recompensa económica axeitada proba que quen traduce literatura galega ao inglés practicamente o fai por amor á arte.

5.2. Retos

Para que a situación mude completamente e se potencie a expansión da literatura galega no Reino Unido (e noutras lugares do planeta en xeral), hai que tomar iniciativas para seren aplicadas conxuntamente dende o Reino Unido e dende Galiza, de xeito que leven a unha valoración académica e económica axeitada do labor profesional da tradución. Isto pódese

incentivar con alicientes como "un premio de prestixio de tradución do galego ao inglés" (Patterson: 2005: 11); creando dunha vez os recursos e materiais de traballos de traditoras/es de galego a inglés; e tamén abrindo e aprofundando en novas liñas de investigación e estudo sobre este tema, partindo, por exemplo, de que o obxectivo deste traballo é xustamente sentar as bases para investigacións posteriores.

Dende o estranxeiro, en particular, habería que fomentar a presenza de libros galegos traducidos a inglés nos foros internacionais e promover os estudos galegos, mentres que dende Galiza débese promover a difusión e o coñecemento da literatura galega no espazo anglófono en xeral (na literatura británica, estadounidense, australiana) mediante políticas de apoio á tradución en inglés, onde entra en xogo o papel da Xunta de Galicia e das diferentes administracións provinciais, locais, etc. Por exemplo, poderíase convocar subvencións para que editoriais estranxeiras espallasen a literatura galega polo mundo; e subvencións para alentar ás editoriais galegas a vender os dereitos de tradución das súas obras. Tamén se podería promover a creación de cátedras de lingua e literatura galegas en universidades estranxeiras, e dotar de máis e mellores fondos e recursos os centros galegos que existen na actualidade.

As editoriais galegas, sabendo que desempeñan un papel vital para o futuro da literatura galega, deberían darlles a coñecer a outras editoriais británicas as súas novidades; para tentar buscar a sorte e, igual que Euan Cameron oiu falar de Manuel Rivas, outros/as editores/as británicos escoiten falar de literatos e literatas de Galiza. O seguinte paso para as editoriais galegas sería facilitar a venda de dereitos de tradución.

Pero para contribuir a paliar a falta de planificación das editoriais británicas, e para non deixar que sexa o azar quen decida que literatura galega se pode ler no exterior, dende Galiza pódese influir creando unha entidade con responsabilidade de decidir que obras galegas si deben e teñen que traducirse. E así, péreceme aíñado citar a Patterson (2005: 11) cando propón que:

en conexión con institucións galegas xa existentes, como a Xunta ou o Consello da Cultura Galega, cómpre crear unha sociedade anónima, dotada de páxina web, que contrataría a tradución deses textos galegos ao inglés, que os promovería e que os vendería ao estilo *Amazon*. (...) Trataríase de distribuír os textos galegos traducidos á marxe dos grandes grupos editoriais existentes no Reino Unido.

Con esta perspectiva sobre o futuro e os retos pendentes remato a miña intervención, e invito a enriquecer e completar estas propostas para, entre todas e todos, promovermos a difusión da nosa literatura traducida a outras linguas máis alá das nosas fronteiras.

Referencias bibliográficas

- ARIAS, Valentín. 2002. "Plácido Castro e a tradución ao galego". VV.AA. *Plácido Castro no Centenario*, nº 4 da Colección Texturas Internacionais. Baiona: IGADI, pp. 101-104.
- CABRERA, María Dolores. 1993. *Editor en Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería de Cultura e Xuventude da Xunta de Galicia.
- CARBONELL i CORTÉS, Ovidi. 1997. *Traducir al Oiro: Traducción, exotismo, postcolonialismo*. Cuenca: Publicaciones de la Universidad de Castilla-la Mancha.
- CASARES, Carlos. 1998. "I'm going to be blind" ["'You quedar cego", de *Vento Ferido*]. Tradución do galego de Tony Escasany. Publicado en *Donaire*, novembro de 1998, nº 11, pp. 81-82.
- _____. 2004. *Wounded wind*. Tradución do galego de Rosa Rutherford. Aberystwyth (Gales): Planet Books.
- CULTURA GALEGA. Portal de información cultural de Galiza culturgalega.org. 2002. "Craig Patterson: Eu son galeguista antes de nada". Publicado o 18/07/2002. Disponible en http://www.culturgalega.org/temada_arquivo.php?id=1603 (Data de última consulta: 12/08/05).
- CUNQUEIRO MORA, Álvaro. 1996. *Merlin and Company*. Tradución dende o español de Colin Smith. Londres: Everyman.
- DENÍS, rei de Portugal. 1997. "Song about Provençal Poets" ["Cantiga dos poetas provençais: Caniça d'amor"]. Tradución do galego de Richard Zenith. Publicado en *Donaire*, xuño 1997, nº 8, pp. 91.
- ESPASA BORRÁS, Eva. 2000. "Performativity in Translation: Speakability? Playability? Or just salability?". En Upton, Carole-Anne (ed.). *Moving target. Theatre Translation and Cultural Relocation*. Manchester: St. Jerome Publishing.
- FIGUEROA, Antón. 1996. *Lecturas alienas. Sobre das relacións con outras literaturas*. Santiago: Sotelo Blanco.
- _____. 2001. *Nación, literatura, identidade. Comunicación literaria e campos sociais en Galicia*. Vigo: Xerais.

- FRANCO AIXELÁ, Javier. 1996. "Culture Specific Items in Translation". En Alvarez, Román e Vidal, Carmen-África (eds.), *Translation, Power, Subversion*. Clevedon: Multilingual Matters Ltd.
- GONZÁLEZ-MILLÁN, Xodn. 1994. "Cara a unha teoría da tradución para sistemas literarios 'marxinais'. A situación galega". Tradución do inglés de Silvia Carril Caldeas e María Sola Bravo. En *Viceversa. Revista galega da Tradución*, nº 1, pp. 63-72.
- LEWELLYN, Meic. 2000. "Them and Other Stories". En *Celtic Cultural Studies, an Interdisciplinary Online Journal*. Disponível em [\[http://www.celtic-cultural-studies.com/reviews/ferrin.html\]](http://www.celtic-cultural-studies.com/reviews/ferrin.html) (Data de última consulta: 14/08/05).
- LOUREIRO, Ramón. 2002. "Craig Patterson: A lingua galega é un dos tesouros que non morreán xamais". Publicado en *La Voz de Galicia* o 21/07/2002. Disponível no Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, [\[http://www.xornalistas.com/html/galver.nova.html?n=1081\]](http://www.xornalistas.com/html/galver.nova.html?n=1081) (Data de última consulta: 12/08/05).
- MÉNDEZ FERRÍN. 1996. *Them and Other Stories*. Tradución do galego de John Rutherford, Xelis de Toro e Benigno Fernández Salgado. Aberystwyth (Gales): Planet Books.
- PATTERSON, Craig. 2005. "Traducir Castela ó inglés: desafíos de difusión e recepción no mundo anglófono". *A Trade de Ouro*. [No prelo].
- RIVAS, Manuel. 2000. *Butterfly's Tongue*. Tradución do español de Margaret Jull Costa e do galego de Jonathan Dunne. Londres: Harvill Press.
- . 2001. *The Carpenter's Pencil*. Tradución do galego de Jonathan Dunne. Londres: Harvill Press.
- . 2002. *Vermeer's Milkmaid And Other Stories*. Tradución do español de Margaret Jull Costa e do galego de Jonathan Dunne. Londres: Harvill.
- . 2003. *In the Wilderness*. Tradución do galego de Jonathan Dunne. Londres: Harvill Press.
- ROS, Xulio. 2002a. "Presentación". VV.AA, *Placido Castro no Centenario*, nº 4 da colección Texturas Internacionais. Baiona: IGADI, pp. 5-8.
- RIOS, Xulio. 2002b. "O ideario político de Placido Castro". VV.AA, *Placido Castro no Centenario*, nº 4 da colección Texturas Internacionais. Baiona: IGADI: pp. 9-24.
- RODRÍGUEZ CASTELAO, Daniel Alfonso. 2000. *Things*. Tradución do galego de Craig Patterson, Kirsty Hooper, Isabel Vancebo Portela, Manuel Puga Moruxa. Aberystwyth (Gales): Planet Books.
- TYMOCZKO, Mara. 1999. "Post-colonial Writing and Literary Translation". En Bassnett, Susan e Trivedi, Harish (eds.) *Post-Colonial Translation. Theory and Practice*. Londres e Nova York: Routledge.
- VENUTI, Lawrence. 1992. Introduction. En Venuti, Lawrence (ed.) *Rethinking translation: Discourse, Subjectivity and Ideology*. Londres e Nova York: Routledge.
- . 1998. *The Scandals of Translation. Towards an Ethics of Difference*. Londres: Routledge.
- ZENITH, Richard. 1995. *113 Galician-Portuguese Troubadour Poems in Galician-Portuguese and English*. Tradución do galego de Richard Zenith. Manchester: Carcanet.

ANEXO

COMPENDIO DE OBRAS LITERARIAS GALEGAS TRADUCIDAS AO INGLÉS
POR ORDE CRONOLÓXICA E LUGAR DE PUBLICACIÓN

OBRAS PUBLICADAS NO REINO UNIDO

- Meeking, Amette (1909) (ed.) *Galicia, the Switzerland of Spain*. Londres.
- VV.AA. (1922) *Spanish Galicia*. [Aíras Nunes "What dear delight this summer day" ("Que muito m'eu pago d'este verãõ", n.º 456 do *Cançãoeiro da Vaticana*); Aíras Nunes "Today by a stream as I rode along" ("Oi o' eu va pastor cantar", n.º 454 do *Cançãoeiro da Vaticana*); Anónimo "Populars Quatrains" ("Cantigas populares", recollidas no *Cançãoeiro Popular Galego* de J. Pérez Ballesteros, 1886); Castro, Rosalía de "River flowing ever onward" ("Pasa, río, pasa, río", de *Cantares gallegos*); Gómez Charriño, Paio "O ship that bearest my love from me" ("As froles do meu amigo", n.º 401 do *Cançãoeiro da Vaticana*); Gómez Charriño, Paio "Saint James, thy wonted aid extend" ("Ay, Santiago, padrón sabido", n.º 429. do *Cançãoeiro da Vaticana*); Martín Codax "Waves that I came to see" ("Ay, ondas que eu vin veer", n.º 890 do *Cançãoeiro da Vaticana*); Martín Codax "O flowing waves of Vigo's bay" ("Ondas do mar de Vigo", n.º 884 do *Cançãoeiro da Vaticana*); Martín Codax "In St. Simon's hermitage as I my watch did keep" ("Sedia-m' eu na ermida de San Simón", n.º 438 do *Cançãoeiro da Vaticana*); Pero Meogo "In the green meadow grass" ("Enas verdes ervas", n.º 794 do *Cançãoeiro da Vaticana*); Pondal, Eduardo "White and black" ("Mui brancas, mui brancas", de *Queixumes dos pinos*); Pondal, Eduardo "Sea-nymphs" ("Eu sei donde moran", de *Queixumes dos pinos*); Pondal, Eduardo "Solitude" ("Grandra esquivia de Mourada", de *Queixumes dos pinos*); Pondal, Eduardo "The heights of Pasarela" ("Penedos de Pasarela", de *Queixumes dos pinos*); Pondal, Eduardo "The shallows of Carnelle" ("De Carnelle os baixos son"), de *Queixumes dos pinos*); Pondal, Eduardo "Swallows" ("Das africanas...", de *Queixumes dos pinos*); Zorro, Johan "Come dance we now, my sisters fair" ("Baillemos agora por Deus, ay bellidas", n.º 761 do *Cançãoeiro da Vaticana*] Trad. Aubrey F. G. Bell. Londres: John Lane the Bodley Head.
- Brenan, Gerald (1951) (ed.) *The literature of the Spanish People*. [Castro, Rosalía de, versos de *Campanas de Bastabales* e versos de "Adiós a Padrón"] Trad. Gerald Brenan. Cambridge: University of Cambridge.
- Balbontin, José Antonio (1961) *Three Spanish Poets: Rosalía de Castro, Federico García Lorca and Antonio Machado*. Londres: Alvin Redman.
- Castro, Rosalía de (1985) "Look now deep within my heart" ("Máis ve que o meu corazón") Trad. Jack Hill, *Dorria* n.º 9: 198-199.
- Castro, Rosalía de (1985) "The stranger in her native land" ("Estranxeira na súa patria") Trad. Jack Hill, *Dorria* n.º 9: 200-201.
- Cunquero, Álvaro (1989) *People from Here and Beyond [Xente de aquí e acolá]*. Trad. Sheila Ingrisano. Madrid: Iberia Líneas Aéreas.
- Planet Magazine* (1992) (publicáronse poesías de Ramiro Fonte, o relato "Them" de Méndez Ferrín e textos de Caseliao).
- Rivas, Manuel (1993) "And then there were none" ["Que non quede nada", de *Un millón de vacas*]. Trad. Translation Workshop of the Centre for Galician Studies, Oxford. Publicado en *Donaire*, bilingüe galego-inglés, setembro 1993, n.º 1. Londres: 40-43.
- Rivas, Manuel (1993) "One million cows" ["Un millón de vacas", de *Un millón de vacas*]. Trad. Translation Workshop of the Centre for Galician Studies, Oxford. Publicado en *Donaire*, bilingüe galego-inglés, setembro 1993, n.º 1. Londres: 40-43.
- Zenith, Richard (1995) (ed.) *113 Galician-Portuguese Troubadour Poems in Galician-Portuguese and English*. Manchester: Carcanet.
- Cunquero, Álvaro (1996) *Merlin and Company [Merlín e familia]*. Trad. Colin Smith. Londres: Everyman.
- Méndez Ferrín, Xosé Luís (1996) *Them and Other Stories* [Escolma de relatos breves de diferentes libros. De *Percival e outras historias* (1958) "Philocetes" ("Filocetes"), "The Gate" ("A cancela") e "Grieth" ("Grieth"); de *O crepusculo e as formigas* (1961) "Men and the night" ("Os homes e a noite"); *Return to Tegen Aia* (1971); de *Elipsis e outras sombras* (1974) "Labyrinth" ("Labirinto") e "Partisan 4" ("Partisan 4"); de *Cronica de nós* (1980) "Coffee Liqueur" ("Licor-café") e "Sibila" ("Sibila"); de *Amor de Arthur* (1982) "Cold Hortensia" ("Fría Hortensia"), "Arthur's Love" ("Amor de Arthur") e "A family of Surveyors" ("Familia de agrimensores"); e de *Atravamos* (1991) "Them" ("Eles"), "The old House of Arranhão" ("Quinta Velha de Arranhão"), "The Monk of Diabelle" ("O exclaustro de Diabelle"), "Elastic Boots" ("Botas de elástico"), "Lobosandaus" ("Lobosandaus") e "The Castle on the Moors" ("O castelo das poulas").] Trad. John Rutherford, Xelis de Toro, Benigno Fernández Salgado. Aberystwyth: Planet.

- Denis, rei de Portugal (1997) "Song about Provençal Poets" ["Cantiga dos poetas provençais. Cantiga d'amor"]. Trad. Richard Zenith. Publicado en *Donaire*, bilingüe galego-inglés, xuño 1997, nº 8. Londres: 91.
- Pérez Sánchez, Manuel Antonio (1997) "Navy Bar" ["Navy Bar", de *De catro a catro. Follas sin data dun diario de abordo*]. Trad. Translation Workshop of the Centre for Galician Studies, Oxford. Publicado en *Donaire*, bilingüe galego-inglés, xuño 1997, nº 8. Londres: 90.
- Casares, Carlos (1998) "I'm going to be blind" ["You quedar ceigo", de *Vento Ferido*]. Trad. Tony Essesany. Publicado en *Donaire*, bilingüe galego-inglés, novembro 1998, nº 11: 81-82.
- Rodríguez Fer, Claudio (1999) "Beyond and Other Poems" ["Mais alá e outros poemas"]. Trad. Diana Conchado, Kathleen March, Julian Palley e Jonathan Dunne. Publicado en *Galician Review*, 1999, nº 3. Birmingham e Oxford: 105-132.
- Rivas, Manuel (2000) *Butterfly's Tongue* [Contén, de *Que me queres, amor?*: "A lingua das bolboretas", "Un saxo na néboa" e "Carniña"]. Trad. Margaret Jull Costa e Jonathan Dunne. Londres: Harvill Press.
- Hill, Jack (2000) (ed) *To visit me the Sea. Galician Poetry 1930-1996*. [Escolma de poemas. De Álvarez Cáceamo, Xosé María: "We must still speak of the house by the sea" ("Hai que falar aínda da casa fronte ao mar", de *Luminoso lugar de abatimento*). De Álvarez Cáceamo, Xosé María: "I inhabit the ruins of cloistered towers" ("Virono pardifeiro das torres clausuradas", de *Luminoso lugar de abatimento*). De Álvarez Cáceamo, Xosé María: "Three Ways to Kill Sadness" ("Tres instrumentos para matar a tristeza", de *Cimo das idades tristes*). De García Bodaño, Salvador: "Those musical mornings" ("Aqueelas mañás de música"), de *Tempo en Compostela*. De García Bodaño, Salvador: "Compostela is a long street" ("Compostela é unha rúa longa", de *Tempo en Compostela*)]. Trad. Jack Hill. Colchester: Hamlet Press, Essex University.
- Rodríguez Castelao, Daniel Afonso (2001) *Things [Cousas]*. Trad. Craig Patterson; Kirsy Hooper, Isabel Mancebo Portela, Manuel Puga Moruxa. Aberystwyth: Planet.
- Rivas, Manuel (2001) *The Carpenter's Pencil [O lapis do carpinteiro]*. Trad. Jonathan Dunne. Londres: Harvill.
- Rivas, Manuel (2002) *The Carpenter's Pencil [O lapis do carpinteiro]*. Trad. Jonathan Dunne. 2ª edición. Londres: Harvill.

- Rivas, Manuel (2002) *Vermeer's Milkmaid and Other Stories [¿Que me queres, amor?]*. Trad. Jonathan Dunne. Londres: Harvill.
- Rivas, Manuel (2003) *Vermeer's Milkmaid and Other Stories [¿Que me queres, amor?]*. Trad. Jonathan Dunne. Londres: Vintage.
- Rivas, Manuel (2003) *The Carpenter's Pencil [O lapis do carpinteiro]*. Trad. Jonathan Dunne. Londres: Vintage.
- Rivas, Manuel (2003) *In the Wilderness [En salvaxe compañía]*. Trad. Jonathan Dunne. Londres: Harvill.
- Rivas, Manuel (2004) *In the Wilderness [En salvaxe compañía]*. Trad. Jonathan Dunne. Londres: Vintage.
- Casares, Carlos (2004) *Wounded Wind [Vento Ferido]*. Trad. Rosa Rutherford. Aberystwyth: Planet.
- *
- OBRAS PUBLICADAS NOS ESTADOS UNIDOS**
- Castro, Rosalía de (1937) *Beside the river Sar*. Berkeley: Berkeley University of California Press.
- Castro, Rosalía de (1960) "Nasin cand'as prantas nasser" [Incluído en *The Poem itself: 45 Modern Poets in a New Presentation*]. Trad. John F. Nims. Nova York: Burnshaw Stanley.
- Flores, Ángel (1962) (ed) *An Anthology of the medieval Lyrics*. [Antoloxía que inclúe 26 poemas traducidos por William M. Davis; 2 poemas de Alfonso X traducidos por John E. Keller; 1 poema de Airas Nunes e 1 poema de Baian traducidos por Lawrence A. Sharpe]. Nova York: The Modern Library.
- Flores, Ángel (1963) (ed) *Laurel Masterpieces of World Literature*. Trad. Janet R. Longland. Nova York: DELL Publishing.
- Castro, Rosalía de (1977) Selección de versos de Rosalía, publicados en *Women Poets of Spain 1860-1990. Towards a Gynocentric Vision*. Trad. John Wilcox. Illinois: University of Illinois Press.
- Castro, Rosalía de (1991) *Poems*. [Poemas de *Cantares Gallegos e Follas Novas*]. Trad. Anna-Marie Aldaz, Barbara N. Garit e Anne C. Bromley. Albany: State University of New York.

- Kathleen March (1991) (ed) *An Anthology of Gallician Short Stories: así vai o conto*. [Antoloxía de relatos breves galegos. Blanco Amor, Eduardo "The rescue" ("O rescate", de *Os biosbardos*); Casares, Carlos "When the rain comes" ("Cando cheguen as chuvias", de *Vento Ferido*); Rodríguez Castela, Daniel Afonso "Migueliño's Father" ("O pai de Migueliño", de *Cousas*), "My Friend" ("Amigo meu", de *Cousas*) e "Sabela" ("Sabela", de *Retruxos*); Costa Gómez, Antonio "Night in San Andrés de Teixido" ("A noite en San Andrés de Teixido", de *O delirio do lume*); Cunqueiro, Álvaro "Melle of Lobosó" ("Melle de Lobosó", de *Escola de menciñeiros*); Dieste, Rafael "About Bieito's Death" ("Encol da morte de Bieito", de *Dos arguiños do trasno*); Evans, Carys "The enigma" ("O enigma envolto nun misterio dentro dunha plantación", aparecido en *Festa da palabra silenciada*); Fernández Freixanes, Víctor "Cockroach hunting" ("A caza das cascudas", de *O relato breve. Escolma dunha década 1980-1990*); Fole, Ánxel "If it's not one thing it's another" ("Non hai dhas sin tes", de *Contos da neboa*); Heinze, Úrsula "Want to marry me?" ("¿Queres casar comigo?", de *Remiños en corro*); Ledo Andión, Margarita "Iron Park Crime" ("Iron Park Crime", de *Mamá-Pe*); Méndez Ferrín, Xosé Luis "She, boomerang" ("Ela, boomerang", de *Elipsis e outras sombras*); Neira Vilas, Xosé "Now..." ("Agora...", de *Historias de emigrantes*); Otero Pedrayo, Ramón "The Maid" ("A criada", de *Contos da vendimia e a casañeira*); Queizán, María Xosé "Eros and Thanatos" ("Eros e Tánatos", publicado en *Grial*, nº 56, ano 1997, pp. 195-197); Rodríguez Fer, Claudio "The asphalt island" ("A illa de asfalto", *Homenaxe a Blanco Amor*); Rodríguez Mourullo, Gonzalo "Memory of a regulation death" ("Lembranza dunha morte regulamentaria", *Medusa*); Valárcel, Xulio "The true storie of Allan Creidne" ("A verdadeira historia de Allan Creidne"); e Vaqueiro Foxo, V. "Solstice night" ("A noite do solsticio"). Trad. Kathleen March. Lewiston, Nova York: Edwin Mellen Press.
- Murado, MigueLANxo (1993) *A Bestiary of Discontent [Bestiario Dos Descontentos]*. Trad. Carys Evans-Corrales. Nova York: Edwin Mellen Press.
- Castro, Rosalía de (1995) *Daughter of the sea [Filla do mar]*. Trad. Kathleen March. Nova York: Peter Lang.
- Queizán, María Xosé (1999) *The likeness [Semellanza]*. Trad. Ana María Spitzmesser. Nova York: Peter Lang.
- Perez Sánchez, Manóel Antonio (2000) *From Four to Four [De catro a catro]*. Trad. John Hoover Burns. Orono, ME: Puckerbush Review. Spring, vol19, nº 2: pp. 71-105.
- Rivas, Manuel (2001) *The Carpenter's Pencil [O lapis do carpinteiro]*. Trad. Jonathan Dunne. Nova York: Overlook Press.

OBRAS PUBLICADAS EN IRLANDA

- Heinze, Úrsula (2001) "Arm in arm" ["De brazos dados"], "Waiting" ["A espera"] e "To love to the end" ["Remata-lo amor?"]. Trad. Peter Waugh. *The Brodighragian Times*, nº17, Cork.

OBRAS PUBLICADAS EN CANADÁ

- Códax, Martín (1996) *Cançons de Amigo*. Ed bilingüe. Toronto: Aliquando Press.
- Pato, Chus (2003) *From m-Tala. [M-Tala]*. Trad. Erin Moure. Vancouver: Nomados.

PROXECTOS FUTUROS

- Rodríguez Castela, Daniel Afonso [*Sempre en Galiza*]. Trad. Craig Patterson.
- VV.AA.: [*Contemporary Gallician Short Stories*]. Escolma de relatos de Xurxo Borrás, Xavier Queipo, Xosé Cid Cabido, Suso de Toro, Gonzalo Naváza, entre outros]. Trad. Kirsty Hooper, Manuel Puga, John Rutherford.